

RESOLUCIÓN DO 11 DE XANEIRO DO TRIBUNAL DESIGNADO PARA XULGAR O PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO E INGRESO NOS CORPOS DA POLICÍA LOCAL DE GALICIA, ESCALA BÁSICA, CATEGORÍA DE POLICÍA, QUENDAS DE ACCESO LIBRE E CONCURSO CONVOCADO POLA ORDE DE 5 DE OUTUBRO DE 2021 (DOG NÚM. 204, DO 22 DE OUTUBRO), POLA QUE SE LLE DA PUBLICIDADE A DIVERSOS ACORDOS.

Na sesión que tivo lugar o día 11 de xaneiro de 2022, o tribunal nomeado pola Resolución do 26 de novembro de 2021 (DOG núm. 231, do 1 de decembro), de conformidade coas bases da convocatoria adoptou os seguintes acordos:

1. Informar da constitución válida e legal deste tribunal con data 9 de decembro de 2021.
2. O primeiro exercicio do proceso selectivo levaranse a cabo o día **20 de xaneiro de 2022**, sempre que as circunstancias sanitarias así o permitan, no **Pavillón nº 2** do Recinto Feiral de Silleda a partir das 10:00 horas en chamamento único:
 - O primeiro exercicio consistirá nunha proba de avaliación de coñecementos tipo test con 100 preguntas e catro respostas alternativas, sendo unha soa a correcta. Este Tribunal acordou incluír no cuestionario, un total de 10 preguntas de reserva, que no suposto que se anule algunha das cuestións da proba de coñecementos, teranse en conta e puntuaranse igual que as do resto do exercicio.
 - A proba terá unha duración de 120 minutos, e non se concederá tempo a maiores.
 - Non está permitido o acceso ao recinto onde se vai a desenvolver o exercicio con teléfonos móbiles, reloxos intelixentes ou calquera outro aparato electrónico. Non se habilitará ningún servizo para a súa recollida ou depósito.
 - Unha vez comezada a proba, non se permitirá levantarse nin ir aos aseos, e aqueles que por motivos médicos o precisen, deberán levar o correspondente certificado asinado por un facultativo.
 - Poderáse abandonar o lugar de realización da proba unha vez rematada a mesma, sempre e cando sexa autorizado polo persoal de organización seguindo as indicacións do tribunal. - De seguido, deberase abandonar o recinto, so estando autorizados para permanecer no mesmo o persoal aspirante que deba realizar a proba de coñecementos do idioma galego.
 - Rematado o exercicio por tódolos aspirantes, publicarase na páxina web da Agasp (<https://agasp.xunta.gal/es>) o enunciado e o cadro de respostas correctas do exame tipo test e o enunciado da proba de coñecemento da lingua galega.
 - Concedéranse dous días (21 e 22 de xaneiro) para presentar alegacións as preguntas do cuestionario e as mesmas remitiranse a dirección de correo electrónico seguinte: seleccion.agasp@xunta.gal, indicando nome, apelidos, número do DNI e a cuestión que se impugna co motivo.
 - Serán convocados a realización do terceiro exercicio (probas físicas) os 300 opositores que resulten aprobados con mellor cualificación na proba de avaliación de coñecementos, sempre que superaran o exame de acordo co establecido nas bases da convocatoria e sexan aptos/as na proba de coñecementos da lingua galega ou estean exentos/as da súa realización.
 - Advírtese aos aspirantes que durante a realización do exercicio poderáselles solicitar que deixen visibles os pavillóns auditivos.
 - Non se permitirá aos aspirantes que asistan con acompañantes ao recinto dos exames.
3. A segunda proba do proceso selectivo, correspondente a avaliación de coñecementos da lingua galega, realizarase a continuación da proba de coñecementos



- Consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego e outro do galego ao castelán e terá unha duración máxima dunha hora.

4.-As persoas convocadas deberán ir provistas de:

1. DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
2. Certificado de vacinación COVID ou PCR/test antixenos con resultado negativo realizado nas **48 horas inmediatamente anteriores** á realización do chamamento.

- As persoas afectadas pola corentena da Covid, non poderán asistir á realización destas probas, e en consecuencia respectaráselle a inscrición desta convocatoria para a seguinte.

- O uso da máscara é obrigatorio, tendo que ser do tipo quirúrxico ou FFP2. Todas as persoas aspirantes deben gardar entre sí unha distancia de alomenos 1,5 metros, situarse na porta de chamamento que lle corresponda seguindo en todo momento as indicacións do persoal organizador. O chamamento será único e comezará ás 10:00 horas. No momento da entrada ao recinto as persoas aspirantes identificaranse e entregarán a documentación prevista no punto 4.2 impresa en papel. Non se permitirá o acceso ao recinto a ningunha persoa que non cumpra co requisito da identificación e entrega da documentación requirida no apartado 4.2..

As portas de chamamento serán publicadas na páxina web da Agasp antes da realización da proba.

Na Estrada, 11 de xaneiro de 2022

A Presidenta do Tribunal
María Ramos Canosa

